EN MARCHA

Concello de Cedeira
Concellería de Deportes

CEDEIRA - MARZO 2020 - NÚMERO 51 - EDICIÓN GRATUITA

RAQUEL RODRÍGUEZ PERNAS
CAMPIONA DE ESPAÑA POR AUTONOMIAS

E ademais novas sobre:
Cedeira S.D.
CB Cedeira Basketball Street
Club Remo Cedeira
Cos pés na auga...
C.D. Apader
Club de Pádel Masculino
Escola de Kárate Cedeira
Club Natación Cedeira - Muebles García
Discalzas SD
Club de Pádel - Feminino
Media hora con Stili

Cedeira S.D.

DERROTA EN BETANZOS - Resultado engañoso no García Hermanos. No minuto tres un penalti inexistente a favor do Betanzos puxo o 1-0. Na segunda metade tras ocasións do Cedeira, nunha contra chegaría o 2-0.Logo chegaría o 3-0 que marcaría o resultado final do encontro. A pesar deste resultado o Cedeira segue entre os cinco primeiros clasificados da primeira Galicia, grupo 1.

ÚLTIMOS RESULTADOS DO CEDEIRA SD

BETANZOS CF 3-CEDEIRA SD 0
CEDEIRA SD 5 – O VAL DE NARÓN 0
BREXO LEMA 1 - CEDEIRA SD 1
CEDEIRA SD 2 – OLÍMPICO 1
SE ABELLÁ 1 – CEDEIRA SD 1

PRÓXIMOS ENCONTROS DO CEDEIRA SD

BETANZOS CF-CEDEIRA SD
CEDEIRA SD-EUME DEPORTIVO
SPORTING MEICENDE-CEDEIRA SD
CEDEIRA SD-VICTORIA CF
SADA CF-CEDEIRA SD

CLASIFICACIÓNS

Primeira Rexional

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos	Sanción Puntos
1	VICTORIA C.F.	59	23	18	5	0	61	13	G G E G G	0
2	BETANZOS C.F.	47	23	13	8	2	43	20	G E E G G	0
3	SDC ORDENES	43	22	13	4	5	47	28	P E G G E	0
4	SPORTING CAMBRE	37	23	10	7	6	30	22	E P P E G	0
5	CEDEIRA S.D.	35	23	9	8	6	35	30	G E G P P	0

Xuvenil

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos
1	EUME DEPORTIVO	22	8	7	1	0	28	6	G G E G G
2	CLUB DEPORTIVO NARON "A"	18	8	6	0	2	23	13	G G G G P
3	CEDEIRA S.D.	16	8	5	1	2	16	7	G G P P G
4	GALICIA DE CARANZA "B"	14	8	4	2	2	23	17	P P E E G

Cadete

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos
1	S.D. O VAL "B"	27	9	9	0	0	39	10	G G G G G
2	S.D.C.y R. NARON O FREIXO	16	9	5	1	3	26	19	G P E P G
3	CLUB DEPORTIVO NARON "B"	16	9	5	1	3	23	16	G P E G G
8	CEDEIRA S.D.	12	9	4	0	5	37	30	P G P G P

Alevín

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos
1	EUME DEPORTIVO	30	10	10	0	0	70	3	G G G G G
2	S.D.C. GALICIA MUGARDOS	26	10	8	2	0	57	24	G G G G G
3	S.D.C.y R. NARON O FREIXO "B"	22	10	7	1	2	47	23	G G P G P
11	CEDEIRA S.D.	4	10	1	1	8	17	43	P P E P P

Infantil

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos
1	E. F. RACING FERROL	27	11	9	0	2	51	14	G G G P G
2	EUME DEPORTIVO	25	11	8	1	2	37	16	G P E G G
3	S.D. O VAL	24	11	7	3	1	33	10	E G G G E
12	CEDEIRA S.D.	4	11	1	1	9	13	51	P G P P P

Benx. A

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos
1	CEDEIRA S.D.	24	9	8	0	1	46	19	G G G G G
2	NUMANCIA C.F.	24	9	8	0	1	41	18	G G G G G
3	CLUB DEPORTIVO NARON	20	9	6	2	1	34	10	P G G G E
4	GALICIA DE CARANZA	14	9	4	2	3	29	23	G P P P G

Benx. B

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos
1	MEIRAS C.F. "B"	24	8	8	0	0	44	10	G G G G G
2	C.D. CARIÑO	18	7	6	0	1	37	16	G G P G G
3	EUME DEPORTIVO "B"	18	8	6	0	2	34	25	G G P G G
9	CEDEIRA S.D. "B"	0	8	0	0	8	15	43	P P P P P

Preben A

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos
1	CEDEIRA S.D.	24	9	8	0	1	46	19	G G G G G
2	NUMANCIA C.F.	24	9	8	0	1	41	18	G G G G G
3	CLUB DEPORTIVO NARON	20	9	6	2	1	34	10	P G G G E
4	GALICIA DE CARANZA	14	9	4	2	3	29	23	G P P P G

Preben B

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos
1	NUMANCIA C.F.	18	6	6	0	0	36	10	G G G G G
2	C.D. CARIÑO	15	6	5	0	1	37	2	G P G G G
3	EUME DEPORTIVO	15	6	5	0	1	24	9	G G G G P
7	CEDEIRA S.D. "B"	2	6	0	2	4	8	38	E P P P E

Veteráns

	Equipos	Puntos	J.	G.	E.	P.	F.	C.	Últimos
1	BEMANTES VETERANOS CAFÉ QUERCUS	47	18	15	2	1	65	19	G G E G G
2	S.D. O VAL	44	18	14	2	2	60	15	G G G G E
3	U.D. NARAHIO	33	18	10	3	5	41	31	G E G E G
4	CEDEIRA S.D.	32	18	9	5	4	45	24	P P G P P

CB CEDEIRA BASKETBALL STREET

O CB CEDEIRA BASKETBALL STREET está a por en marcha o equipo cadete, coa intención de formar parte da competición comarcal, nesta andaina temos como obxetivo a estabilidade do equipo, que está a formar a once rapaces, a primeira pauta do Clube e a formación do Baloncesto, a estabilidade dun proxecto deportivo e de futuro.

Nos próximos meses o equipo estará a disputar algún partido amigable ,no cal teremos a primeira referenza da competición, o noso soño empeza a tornar xeito, crecendo a paseniños cos socios, e toda a axuda dos patrocinadores do clube (MUEBLES Y CARPINTERIA GARCÍA S.L e JUAN GARCÍA PESCA S.L) na organización do 3x3 de verán, e todas as ilusións que quedan por cumprir.

CBS traballando por mais BALONCESTO en CEDEIRA. GRAZAS.

Club Remo Cedeira

BO COMEZO DE TEMPADA PARA O CLUB DE REMO CEDEIRA.

A nova tempada comeza e da mellor maneira posible para o Club de Remo Cedeira. En decembro do ano 2019 a Federación Española de Remo convoca uns test para dar acceso a primeira concentración de xuvenís da tempada 2020, estos test son realizado polos nosos remeir@s con unhas moi boas marcas. Tan boas foron estas marcas que 3 dos nosos representantes serían convocados pola selección nacional para participar na concentración que tería lugar en Sevilla durante 2 semanas. Estes remeiros serían Raul Lopez, Raquel Rodriguez e Candela Martinez (que a a pesar de ser cadete de primeiro ano, fariase cunha praza na concentración xuvenil). Gran experiencia e moito aprendido nesta concentración, o que además abrirá as portas a próximas concentracións de cara a participación en regatas internacionales representando a España.

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE LONGA DISTANCIA

O pasado sábado 8 de febreiro, coma ven sendo habitual, celebrouse en augas de Castrelo do Miño, o Campeonato de España de Longa distancia, cunhas condicións climatolóxicas boas e sobre unha distancia de 5.500 metros, os nosos tiveron un papel importante, así Joaquín Montero, amosou que segue na elite do remo nacional co seu 14º posto na xeral, Raúl López cun posto 24º e nas féminas, Raquel Rodriguez co 16º posto (a pesares que foi sancionada con 20´´ por un error de arbitraxe) e Noa Trigo con un grandísimo 9º posto e por último a máis nova da representación do Clube, Candela Martinez, que a pesares de ser o seu primeiro ano na categoría cadete, quedou ás portas do podio acadando o 4ª posto.

¡¡¡Noraboa a tod@s!!!

CAMPIONATO DE ESPAÑA POR AUTONOMÍAS

Logo de dalo todo o sábado, o domingo tocaba remar coa Selección Galega. Os nosos representantes nesta ocasión foron as rapazas, e abofé que mellor imposible xa que Raquel Rodríguez proclamouse Campiona de España con Galicia, por diante de Andalucía 2ª i Euskadi 3ª, formando parte do bote do catro scull xuvenil, subindo así ó máis alto do caixón na mesma categoría, pero remando xunta con Candela Martínez, no bote de 8 sumarían un máis que meritorio 5º posto.

No tocante á categoría cadete, Candela, además voltou a quedar nesa 4ª posición que soubo a pouco. Pero reiteramos que Candela é de 1º ano, e ten moita marxe de millora, cousa que seguro se verá reflexado en vindeiras competicións.

Cos pés na auga

Esteban Hermida Rey (Cedeira 1979)

Enxeñeiro agrónomo, fillo e neto de mariñeiro, cara de bo rapaz e un espíritu de gran deportista aventureiro, cóntanos un "algo" da sua intensa vida… "TIVI", como o coñecen os seus amigos

Dime que pouco máis de dez anos eran os que tiña cando intentou subirse nunha táboa de surf por primeira vez, dí intentar, porque costoulle logo tres meses ponerse de pe nela. "Si é hoxe, que o primeiro día xa están os nenos encima, pero daquela…" disto xa choveu casi que 30 anos fai.

Naide me ensinou, son autodidacta, gustábame e ata que o conseguín non parei "e a miña vida xira arredor das miñas dúas afeccións, o surf e a pesca deportiva".

Leva casi que trinta anos practicando surf e casi vinte dándolle á pesca deportiva, e medio mundo percorrido, nunhos días marcha ó paraíso do surf según nos conta, que está nun archipiélago de islas en Indonesia… Mentawai, donde unha ou dúas veces no ano se achega a practicar os seus deportes favoritos: surf e pesca. Pero xa visitou moitos outros países: Marrocos, Nicaragua, Illa de Sumatra, Illas Maldivas, Portugal, Costa Rica entre outros moitos países nos que as condicións para a práctica e disfrute destes dous deportes son as máis axeitadas.

Parco en palabras, dinos que é un deportista mediocre, pero así que nos segue a falar, e enseña os seus coñecementos asinte e dí que o seu nivel e medio-alto, non lle gosta a competición, aínda que unha vez, hai tempo, quedou segundo nun torneo en Pantín, e que "gracias a que nunca despuntei levo 30 anos surfeando" cousa que a mayoría xa estarían queimados.

Cóntanos que a súa maiobra favorita, pois é a de todo bo surfista, conseguir un "tubo" e canto máis longo millor: "a sensación cando estás dentro da ola, é de moita calma para mín, pero notas como si detrás viñera un tren a todo filispín que te quere botar da vía, e cando saes é coma si te cuspira, ese momento é unha verdadeira pasada"

Do seu outro amor, a pesca submarina cóntanos que cada mar é un mondo, que

baixa a pulmón en picadas de máximo 20 ou 25 metros, pero que podería baixar máis, e que ten cobrado pezas incribles e algún outro susto que levou cando un tiburón, pescando no Caribe, lle veu de fronte, e pasoulle lambendo o nariz. Dinos ademáis que as esixencias físicas no buceo son moi grandes e que se sufre moito pola presión da auga pero que todo se ve compensado pola sensación e o disfrute que che produce o estar dentro dela. Que a súa Praia favorita para surfear está a só cinco horas de Cedeira en Peniche ó norte de Lisboa e o mellor sitio para pescar, pola sua diversidade en Costa Rica, zona caribeña,que hai días que bota mais de dez horas na auga e que mentras poida seguir practicando os seus deportes favoritos ahí vai estar.

Un pracer "Tivi", alégroume coñecerte e boa viaxe, vémonos cando voltes, e si tes algo novo que contarnos…xa sabes

Club Polideportivo APADER

"COMEZA A TEMPADA 2020"

APADER xa organiza o seu calendario deportivo para este ano 2020. Os nosos deportistas participarán en Campionatos a nivel provincial e autonómico, das disciplinas de fútbol sala, baloncesto, xogos minoritarios, maratón urbano, natación, atletismo, campo a través e marcha ciclista.

O próximo 7 de marzo, Special Olympics organizará os XXV Xogos de Deportes Minoritarios, que se celebrará en Vilagarcía. Deportes como o bádminton, tenis de mesa e probas motrices, encherán as canchas de deportistas ilusionados por demostrar as súas destrezas.

Previsiblemente, tamén no mes de marzo, participaremos na Xornada de natación, pertencente á liga Norte. Nas piscinas municipais da Gándara, en Narón, os nosos nadadores inscribiranse nos estilos de costas, braza e libre, ademais das substitucións masculino e feminino.

Tras 7 anos participando na liga de Baloncesto, de Special Olympics e cultivar varias ligas, decidimos cambiar de disciplina e buscar novos retos. Retomaremos o Fútbol sala con moita ilusión, enfrontándonos a vellos e novos compañeiros e marcando moitos goles en convivencia, compañeirismo e xogo limpo.

Club de Pádel Cedeira - Masculino

O equipo de pádel masculino de Cedeira comeza, como case todo, cunha cea e cun grupo de whatapp onde nos xuntamos máis de trinta rapaces da Vila dispostos a pasalo ben facendo deporte. O ano pasado inscribimos o noso equipo nas dúas competicións que se xogan durante o curso 19/20: as Series Nacionais de Pádel (SNP´s) e a Liga da Federación Galega de Pádel.

As SNP´s dispútanse durante a primeira parte da temporada. Trátase dunha competición a nivel nacional cuxas finais se xogan anualmente en Madrid. Os equipos de nova inscripción coma o noso, comezan nas categorías inferiores e intentan promocionar nos playoff s de ascenso. Cada fin de semana, o capitán convoca a dez xogadores para conformar as cinco parellas que disputarán a xornada. Os bos resultados acadados durante a primeira volta do torneo permitíronnos obter unha praza directa para disputar os playo□s no mes de Decembro. Lamentablemente, a nosa boa racha rematou na segunda ronda de promoción perdendo contra o Club Lucense de Pádel, que se levou catro dos cinco partidos en xogo.

Por sorte, a competición non para e en Xaneiro comezou a Liga que organiza a Federación Galega de Pádel e que durará ata o mes de Xuño. Esta segunda parte da tempada disputarémola en cuarta categoría masculina e xogaremos contra equipos de Ferrolterra e da zona da Coruña. Ate o momento imos líderes con dúas victorias nas dúas primeiras xornadas. Se temos sorte e a inercia segue sendo positiva, sen dúbida loitaremos polo ascenso.

E se non, sempre quedarán as ceas e as risas.

Escola de Karate Cedeira

Como comentábamos, na anterior Revista, que estabamos pendentes do Trofeo Cidade de Ferrol, así como da evolución deportiva de Pablo Garcia Yáñez. Ben, pois no devandito Campionato, na súa categoría, alcanzou o primeiro posto. Parabéns.

Destacar tamén, o gran nivel mostrado polos demáis participantes da Escola, que sempre están a acariñar o podio. Especial mención ós participantes do Trofeo IOSTK de Oviedo, xa que, aínda sen contar cunha arbitraxe neutral, amosaron en todo momento estar á altura de todo un Campionato interautonomico, pasando varias roldas do mesmo. Incluso, un integrante do grupo, dunha escola irmá (Aritz), alcanzou o terceiro posto

Achégase xa o Trofeo de Negreira ,que será este próximo día 29.

Animarvos a todos os integrantes da E. K. C. a participar, é un bo Cto para iniciarse e sumarse a esta exitosa liña na que estamos.

A E. K. Cedeira está moi orgullosa de todos vós.

A seguir así.

Club Natación Cedeira - Muebles García

Neste inicio de ano que empezamos, con moita ilusión, con equipos en todas as categorías e con moitos nenos e nenas novas no club, queremos seguir ofrecendo un ensino deportivo de calidade e crecer nun ambiente san e formador de diferentes habilidades deportivas, sociais e culturais.

Os nosos deportistas empezaron a participar en diferentes eventos de natación e atletismo.

ATLETISMO

No Campionato Intercomarcal de Campo a Través, celebrado nas Pontes, o 12 de xaneiro, con case 300 participantes, os resultados máis destacados foron:

Irene García 8ª benxamín clasificación directa para o Cto Provincial de Campo a través; Julia Martínez 12ª benxamín; Ainhoa Torres 14ª benxamín; Ariadna Martínez 17ª benxamín; BRONCE para o equipo Benxamín Feminino; Manuel Sande ORO benxamín; Martín Otero 5º benxamín; Pablo Moreda PRATA alevín; Andrea Díaz 8ª infantil e clasificación para o Cto Provincial; Alberto Rodriguez 6º Infantil e clasificación para o Cto Provincial; Lucas Riola BRONCE infantil e clasificación para o Cto Provincial; Damián Suárez ORO Infantil e consegue a clasificación para o Cto Provincial; Damián Formoso 16º infantil; PRATA para o equipo infantil masculino e clasificación para o Cto Provincial

O pasado 1 de febreiro desprazámonos á Pobra do Caramiñal para disputar o Cto Provincial de Campo a través, onde se deron cita máis de 300 atletas de todas as idades.

Os resultados máis destacados foron:

Martín Otero 7º benxamín;Damián Suárez OURO infantil e clasificación para o Cto Galego; Lucas Riola 4º infantil e clasificación para o Cto Galego; Alberto Rodríguez 14º infantil; Samuel Sánchez 26º infantil; OURO para o equipo infantil masculino e clasificación para o Cto Galego

O 23 de xaneiro disputamos o Cto Galego de Campo a través Federado, no municipio da Rúa.

Un evento de máximo nivel con gran participación onde os nosos atletas infantís demostraron o seu bó facer:

Damián Suárez BRONCE infantil.; Lucas Riola 11 infantil.

NATACIÓN

O 1 e 2 de febreiro de celebrou en Santiago o Cto Galego de Natación Alevín. Tiñamos a 2 nadadores clasificados, que conseguiron realizar as marcas mínimas esixidas.

Nadaron a un gran nivel, á beira dos mellores nadadores de Galicia e conseguiron os seguintes resultados:

Samuel Sánchez 29º posto en 100 libre mellorando a súa marca en 2 segundos; Damián Suárez 6º posto en 100 libre mellorando a súa marca 2 segundos, 7º posto en 200 libre, mellorando a súa marca 3 segundos e BRONCE en 200 estilos, rebaixando a súa marca en 3 segundos.

Durante os días 7, 8 e 9 de febreiro participamos

da man de Lucía Sánchez no Cto Galego Junior de Natación en Pontevedra.

Lucía competiu a bo nivel conseguindo os seguintes resultados:

PRATA en 200 costas, mellorando a súa marca en 2 segundos; 4º posto en 100 costas a centésimas da PRATA E BRONCE; 12º posto en 400 libre; 9º posto en 200 libre.

TRÍATLON

Nosas triatletas, Inés Graña e Lucía Sánchez, foron seleccionadas para participar nunhas xornadas de adestramento da Federación Galega de Tríatlon baixo o seu Programa "Amazonas". Estas xornadas celebráronse na Coruña, onde compartiron adestramentos con outras triatletas de toda Galicia.

Discalzas S. D.

Unha vez rematada a primeira fase da Copa Feminina, na que as Discalzas S.D. obtiveron a 7ª posición, o equipo atópase xa inmerso na Liga Feminina. Esta competición comezou o 14 de decembro de 2019 e neste último fin de semana disputouse a séptima xornada na que as Discalzas recibiron ó Eume Deportivo. A pesar de que na actualidade o equipo conta con 17 fichas, a tempada está e resultar compricada debido ás numerosas baixas por lesión. O equipo disputou varios partidos sen porteira e unha xogadora tivo que asumir ese rol para suplir a baixa de longa duración.

Na actualidade o equipo ocupa a 9ª posición na táboa clasificatoria e continúa traballando baixo as ordes do seu entrenador, Francisco Bellas.

Club de Pádel Cedeira - Feminino

O Club de Pádel Cedeira comezou a súa andadura deportiva participando nas SNP (Series Nacionales de Pádel) do 2019, rematando as súas xogadoras cuartas do seu grupo na primeira fase. Isto fixo posible a súa participación nos playoffs que se celebraron en xaneiro en A Coruña, onde venceron pola mañá cun contundente resultado de 5-0, o que lles deu a oportunidade de volver a xogar á tarde fronte ao ASM Padelante, club que pertencía a unha categoría superior, adxudicándose este unha vitoria de 4-1 ao seu favor, aínda que as xogadoras se entregaron na pista apoiadas pola numerosa afición que as foi animar.

Tras as SNP, o Club de Pádel Cedeira inscribiuse na Liga Regular Galega por equipos da zona norte que da comezo o 1 de febreiro deste ano na 4.ª Categoría Femenina e no grupo 1, onde tamén están o Aero Club Santiago FEM, Pádel Club CAMM, 3D3 Pádel Bergantiños, Club de Tenis Redes Femenino, Club de Pádel Ortigueira e Evofit Pádel Narón. O equipo cedeirés leva xa disputados tres enfrontamentos. Cada un deles xógase ao mellor de cinco partidos, sendo clave o labor da capitá e da subcapitá (Ivana Giustozzi e Consuelo García) á hora de plantexar os cinco cruces.

Na primeira xornada da liga tocoulles xogar (como locais) contra o rival máis forte do grupo (pois conta nas súas filas con xogadoras de primeira división), o Evofit Pádel Narón, co que comparten sede e, moitas veces, adestramento. O resultado do encontro foi un axustadísimo 3-2 a favor do Evofit Pádel. O partido máis intenso da xornada disputárono Fátima e Raquel, pois era o máis importante para desfacer o empate 2-2. As xogadoras cedeiresas loitaron ata o final. Foi un choque durísimo a tres sets con alternancia de oportunidades, mais a vitoria caeu do lado do equipo rival.

Na segunda xornada enfrentáronse ao Club de Tenis Redes Femenino, que conta con xogadoras veteranas, con moitos anos nas pistas. A pesar diso, o Club de Pádel Cedeira conseguiu levarse a vitoria á casa cun resultado de 3-2, xogando todas as parellas a un gran nivel a pesar da súa inexperiencia en competicións oficiais coma esta.

O domingo 16 de febreiro celebrouse a terceira xornada da liga, na que o club, xogando de novo como local, recibiu a unhas coñecidas rivais das SNP, as xogadoras do Pádel Club CAMM, que conta cun moi bo equipo. A mañá non defraudou en emoción. As locais ían perdendo 1-2, mais tiñan esperanzas de poder remontar. As dúas primeiras parellas saían derrotadas, pero o binomio Consuelo/Diana conseguía a vitoria. Todo se xogaba nos dous restantes choques, por un lado, Fátima e Raquel, e, por outro, María e Sara. En ambos encontros houbo que ir a un terceiro set, mais non se puido conseguir o ansiado triunfo e o equipo perdía a xornada por un 4-1.

A próxima cita será en Santiago de Compostela, onde se medirán ao Aero Club Santiago Femenino e onde debutará unha nova xogadora.

A día de hoxe, o Club de Pádel Cedeira está en sexto lugar na clasificación do seu grupo e enfro ntan as seguintes xornadas con ilusión e gañas, pero sen olvidar que son un equipo novo que se está a formar e que lles queda moito por aprender.

Media hora con Stili

Sentámonos un anaquiño con Stili, adestrador nacional de fútbol, para plantexarlle algunhas preguntiñas de interese. Préstase gustoso e, con esa verba fácil, empezou a soltar todo o que pensa, sin saber nada do guión que levamos preparado

Entrenador ou formador?

Hai moita diferencia. Creo que en idades de base mellor formador, inculcar valores para o futuro, xenerosidade, solidaridade, etc… donde, "sí" a victoria é importante no xogo, pero pode quedar nun segundo plano, deportista "sí, pero persoa" e ámbalas dúas poder ir da man.

Cómo valoras a competición en idades de base?

As competición en idades de base hai que restarlles importancia, os rapaces xa son de por si moi competitivos e "sí" darlle importancia, pero dende un enfoque secundario, non se pode pervertir o proceso de mellora dun neno por culpa dun resultado, esto pode causar estrés infantil, pola frustración, que pode derivar nun trauma psicolóxico: "que perciban a competición como un xogo é clave".

Resultados?

Un mal resultado pode frustrar a un deportista e é ahí donde entra a labor do formador. Non debe afectarle a nivel emocional, hai que valorar aspectos cualitativos e cuantitativos. Construir unha base deportiva ancha para que o proceso de aprendizaxe se enriqueza en aspectos coordinativos, cognitivos, emocionais e que o deportista medre pouco a pouco. Si nos aproveitamos do deportista e o forzamos, imos acortar esa base e afectar a éste no seu crecemento como tal. Por iso nestas idades "mellor olvidarnos un pouco do resultado e reforzar a progresión individual e colectiva do deportista, podemos perder, pero facer ver o neno que estamos progresando e que imos amodo pero no bo camino.

Deporte de equipo/Deporte individual

Creo moito na formación inicial en entrenos multidisciplinares, ata idades 13-15 anos os nenos deben practicar varios deportes, antes de centrarse en algún en concreto. Entre os 5 e os 12 anos, porque si ó final queremos esa ampla base da que falabamos na cuestión anterior, é moi importante que acaden un nivel coordinativo alto practicando outros deportes, que vaille proporcionar ó neno un mellor desenvolvemento do seu talento nun futuro cercano.

Relación cos país

A percepción e que os país e o formador van a súa bola, e non, "deben ir sempre da man, esto é o que necesita o neno". O formador é o que inculca ó deportista os valores, e os país deben apoialo dende a casa e reforzalo ata a competición. Si o neno percibe esta conexión, vai pasalo mellor, disfrutar e ó final rendir e aportar máis; se non é así o que imos conseguir é un mal compañeiro individualista, egoísta e que cree que é o millor.

"O pai/nai é un formador máis e tan importante ou máis a sua laboura na casa coma a do adestrador".

Liderazgo?

Non creo nos líderes xerárquicos." Creo no líder transversal", humilde, sempre intenta aprender, comprometido co resto do equipo, preocupado, incluso antes polos demáis que por si mesmo, valiente, para poder animar e decidir cando as cousas non saen ben, e a parte, un bo rapaz.

Vés as cousas diferentes agora que voltaches á base?

Recoñezo que antes cometín o erro de aproveitarme dos rapaces, no sentido competitivo. Por exemplo, cando tiñas algún xogador destacado facía plans estratéxicos para que éste marcara un pouco as diferenzas, esquecéndome de crear escenarios de aprendizaxe, onde os xogadores tiveran que resolver situacións complicadas, acortando así prazos, provocando que os xogadores non tiveran un adestramento a nivel cualitativo tan bo. E agora, aínda que corres o risco de non ter resultados tan bos, penso que creo situación, donde os rapaces progresan máis.

"O erro é o mellor amigo da aprendizaxe" Hai que deixar que os erros xurdan, para así ver como se corrixen, que non pasa nada si o cometemos, pero que o imos a correxir.

Cales crees que deberían ser as características dun formado nas categorías de base?

Dentro das cualidades do formador, que ten que ser tamén adestrador, porque ten que preparar ó equipo noutros aspectos como o psicolóxico, cognitivo, coordinativo, etc, entendo que éste prioriza á formación diante da competición e sobre todo é consciente que está a ensinar o camino, tanto en comportamento coma en malos hábitos. Polo tanto, ser coñecedor do deporte que vai a ensinar, e a nivel psicolóxico, ter unha empatía co propio deportista, onde priorice a aprendizaxe de valores por encima da propia competición. Esa empatía e sensibilidade para entender que os rapaces, a parte de estar aprendendo un deporte, estanse a formar para unha futura vida coma deportista ou non, é clave a formación.

Cómo influía a rúa, hai anos, no desenvolvemento do deporte?

Creo que agora, temos un problema, os rapaces chegan, sobre todo a xogar ó fútbol, pero faríaio extensible a tódolos deportes, cunhas capacidades coordinativas moi baixas. Esa coordinación antes adquiríase na rúa xogando en calquer superficie: area, asfalto, herba… 1 para 1, 2 para 2, etc. Sí que noto que se perdeu moita liberdade. Nós, os adestradores, agora pensamos nunha idea para os xogadores, e esa idea é o desarrollo dun partido que temos na cabeza, pero non teñen liberdade os rapaces para expresarse, pérdese moito regate, moita finta, moita imaxinación, porque agora o xogo é control e pase na maioría das situacións colectivas, estase a perder moita capacidade individual porque a rúa, por demanda da sociedade desapareceu. Pero tampouco os adestradores creamos situacións donde os rapaces se poidan expresar máis libremente. Creo no adestramento entre 7 e 15 anos donde o xogador poida regatear, fintar e tomar iniciativas que xa estén predeterminadas, que recorran o seu camino, pero con máis espacio e imaxinación.

"O xogador imaxinativo é o que ó final marca as diferenzas e o máis buscado"

ANTONIO LÓPEZ MARTINEZ
(Cedeira 1.969)